

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
LALÍN**Subvencións e axudas***BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2019*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de agosto de 2019 aprobou as seguintes

**BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN
DE ACTIVIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2019****1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

1.1.- As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos que regularán a concesión de axudas, en concorrència competitiva, destinadas a financiar programas de actividades de carácter cultural promovidas por asociacións e os centros públicos de ensino de Lalín que se realicen ao longo do ano 2019 xunto coas celebradas entre os días 14 e 31 de decembro de 2018, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

1.2.- O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así coma na Base 27 de Execución do Presuposto do Concello para o exercicio 2017 prorrogado para el 2019, e respectando o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

1.3. Convócanse subvencións polo seguinte importe e con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINALIDADE
0.334.489.00	10.000,00 €	Subvencións para a realización de actividades culturais



2.- ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES

2.1.- Poderán ser obxecto desta subvención a realización de programas ou actividades culturais de carácter puntual ou permanente que, no ámbito da cultura, promovan asociacións culturais, asociacións veciñais ou colectivos sen ánimo de lucro, consideradas de interese sociocultural para o Concello de Lalín e que estean dirixidas a toda a poboación en xeral.

Serán subvencionables todas aquelas actividades/programas englobados dentro de calquera das seguintes vertentes: viaxes culturais, música, danza, literatura, audiovisuais, pintura, homenaxes, encontros, exposicións, obradoiros, conferencias, xornadas e en xeral, calquera actividade que teña como finalidade a promoción e divulgación dos valores culturais así como as actividades dirixidas á realización de festas de carácter etnográfico e de valor histórico-cultural poderán ser obxecto desta subvención.

Serán subvencionables exclusivamente aqueles gastos de natureza corrente nos que incorra o beneficiario no desenvolvemento da actividade tales como actuacións, obradoiros, entradas, espectáculos, concertos, aluguer de equipos, etc. Os gastos de aloxamento, manutención e desprazamentos admitiranse só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta. Non poderán xustificarse gastos de manutención por importe superior ao 50% da subvención concedida.

2.2.- Quedan excluídas desta convocatoria as seguintes actividades:

- As subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.
- As organizadas polas asociacións de mulleres así como por clubs deportivos, por contar con convocatorias específicas.
- As que non se axusten nas actividades descritas no apartado anterior.
- Aquelas polas que sexa preciso pagar unha taxa ou prezo municipal.
- Os gastos derivados da organización de xantares ou outros asimilables, así como os eventos gastronómicos ou de exaltación de produtos culinarios.
- As que atenten contra os valores universais como a paz, a solidariedade, a igualdade de xénero, os respecto ao medio ambiente, a interculturalidade, etc.
- As actividades cun ámbito de actuación sectorial e que non sexan relevantes a nivel do Concello.
- As publicacións promovidas por particulares.
- As xornadas, encontros, conferencias ou obradoiros que non teñan un carácter de acceso público.

3.- BENEFICIARIOS

3.1.- Terán a consideración de beneficiarios da subvención os destinatarios dos fondos públicos, que deben realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento e que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.



3.2.- Poderán solicitar as subvencións as persoas xurídicas e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia:

- a) Entidades legalmente constituídas que teñan o seu domicilio social en Lalín e estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal do Concello de Lalín.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

3.3.- Así mesmo, poderán solicitar subvención ao abeiro destas bases os centros públicos de ensino do Concello de Lalín, aquelas entidades ou asociacións que desenvolvan accións de carácter formativo para persoas con necesidades especiais e as ANPAS dos centros públicos de ensino e conservatorios de titularidade pública do Concello de Lalín. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos indicados no apartado 3.2.

3.4.- En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiario aquelas entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se transcribe a continuación:

“2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas na presente lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.



- f) Non encontrarse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei xeral tributaria. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 da presente lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.”

4.-NORMAS DE OUTORGAMENTO

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrência competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo total da actividade subvencionada.

O importe da subvención concedida poderá acadar ata un máximo do 80% do orzamento total de gasto presentado.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOPO do seu extracto.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes e demais documentación presentaranse exclusivamente e de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto, salvo no caso da memoria da actividade, que poderá presentarse en formato libre sempre que recollan os contidos mínimos que se establecen no modelo da mesma. Ditos modelos facilitaranse no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do Concello de Lalín www.lalin.gal.

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.



As solicitudes deberán ser presentadas preferiblemente a través do Rexistro Electrónico do Concello de Lalín. Igualmente serán admitidas aquelas solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- DOCUMENTACIÓN

As entidades que reúnan os requisitos establecidos na Base 3 poderán presentar a súa solicitude xunto coa seguinte documentación:

1.- Documentación relativa á entidade e ao seu representante:

- a) Modelo de solicitude.
- b) Documento acreditativo do acordo da entidade de acollerse á presente convocatoria e da designación da persoa que asina a solicitude e que actúa en todo o procedemento na súa representación. Anexo I.
- c) Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante e do NIF do representante.
- d) Declaración responsable do representante da entidade relativa a que a documentación que obra en poder do Concello, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, así como de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións. Anexo II.
- e) Orzamento xeral de ingresos e gastos da asociación/entidade.
- f) Certificación dos datos bancarios do solicitante, orixinal ou copia cotexada.
- g) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou documento polo que autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (Anexo VI). Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín.

2.- Documentación propia relativa ás actividades para as que se solicita a subvención:

- a) Proxecto ou memoria explicativa da actividade para as que solicita a subvención, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo, número de beneficiarios e definición do tipo de público ao que van destinadas así como persoas implicadas no desenvolvemento e preparación de ditas actividades. A memoria deberá describir, o máis detalladamente posible, a actividade para a que se solicita a axuda e indicar, no seu caso, o número de edición da mesma. Deberá ser completada con documento anexo no que se recolla a descrición detallada da actividade facendo referencia suficiente aos criterios establecidos na Base 8.1. Anexo III.



Mércores, 28 de agosto de 2019

Núm. 164

- b) Orzamento detallado de gastos da actividade con expresión da contía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención. Só se admitirán conceptos directamente relacionados coa actividade para a que se solicita a subvención. Anexo IV.
- c) Declaración responsable na que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. Anexo V.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá ser compulsada e calquera defecto, erro ou ausencia na súa presentación terá que ser emendado no prazo máximo e improrrogable de 10 días naturais contados dende o seguinte á notificación do requirimento, indicándolle que se non o fixese entenderase que desiste da súa solicitude.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación do contido íntegra das mesmas.

7.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instrutor no que se constate que da información que obra en cada expediente individual se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- O/A concelleiro/a delegado/a de Facenda.
- O/A Concelleiro/a delegado/a da área de Cultura.
- Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de cultura, ou persoa na que se delegue.
- Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de intervención, ou persoa na que se delegue.
- O Secretario da Corporación, que actuará ao mesmo tempo como secretario da Comisión Avaliadora, ou persoa na que delegue.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 8, e elaborará un acta na que se emita informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.



Mércores, 28 de agosto de 2019

Núm. 164

O órgano instructor, á vista do expediente e da acta da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

8.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

8.1.- A contía das axudas determinarase en función dos seguintes criterios e puntuacións:

	CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
1.	Conservación e promoción dos valores culturais, artísticos e folclóricos.	Ata 5 puntos
1.1	Non supón ningunha promoción nin conservación	0
1.2	Supón algunha promoción e conservación	1
1.3	Supón unha gran promoción e conservación	3
1.4	Supón unha extraordinaria promoción e conservación	5
2.	Calidade e viabilidade do proxecto e que este inclúa manifestacións culturais diferentes e de carácter innovador.	Ata 5 puntos
2.1	Non ten viabilidade nin inclúe innovacións	0
2.2	Supón algunha viabilidade e algunha manifestación innovadora	1
2.3	Supón unha gran viabilidade e unha gran manifestación innovadora	3
2.4	Supón unha extraordinaria viabilidade e manifestacións innovadoras	5
3.	Orzamento total da actividade e contía solicitada de financiamento directamente relacionados coa actividade para a que se solicita a subvención.	Ata 15 puntos
4.	Carácter periódico ou permanente das actividades obxecto da subvención e das promovidas pola entidade solicitante, en base ao número de actividades realizadas e a súa proxección futura.	Ata 5 puntos
4.1	As actividades non teñen carácter periódico nin permanente	1
4.2	As actividades véñense realizando dende hai dous anos	3
4.3	As actividades teñen unha traxectoria de máis de cinco anos	5
5.	Actividades culturais no rural e que promovan a dinamización dos locais sociais nas parroquias.	Ata 5 puntos
5.1	As actividades non promoven a dinamización dos locais sociais nas parroquias nin se realizan no rural	1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: J2RME1NX89X980XD



Mércores, 28 de agosto de 2019

Núm. 164

	CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
5.2	As actividades realízanse no rural pero non promoven a dinamización dos locais sociais	3
5.3	As actividades realízanse nos locais sociais e no rural	5
6.	Volume de actividades que desenvolve a entidade ademais da solicitada.	Ata 5 puntos
6.1	Menos de dúas actividades	0
6.2	Entre dúas e cinco actividades	1
6.3	Entre seis e dez actividades	3
6.4	Entre dez e quince actividades	5

7.	Contribución do proxecto á divulgación cultural a través do fomento dos valores de identidade local, igualdade, interculturalidade, difusión e promoción da lingua galega e integración de discapacitados e de colectivos en risco de exclusión social:	Ata 3 puntos
7.1	Non contribúe á divulgación cultural a través dos valores de identidade local, igualdade, interculturalidade, difusión e promoción da lingua galega e integración de discapacitados e de colectivos en risco de exclusión	0
7.2	Contribúe á divulgación cultural a través dos valores de identidade local, igualdade, interculturalidade, difusión e promoción da lingua galega e integración de discapacitados e de colectivos en risco de exclusión	3
8.	Actividades nas que participan grupos e creadores locais.	Ata 5 puntos
8.1	Non participación de grupos e creadores locais	0
8.2	Participación de menos de tres grupos ou creadores locais	3
8.3	Participación de máis de tres grupos ou creadores locais	5

8.2.- A contía da subvención outorgada establecerase mediante o rateo entre os beneficiarios do importe total máximo destinado. Para elo calcularase o importe total por punto dividindo o importe total consignado para as axudas entre a puntuación total obtida por todos os beneficiarios, e unha vez determinado dito valor determinarase o importe correspondente a cada beneficiario en función da puntuación obtida de acordo coas valoracións anteriormente indicadas.

9.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe da Intervención Municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende a publicación da convocatoria. A notificación levarase a cabo por correo con acuse de recibo cumprindo os requisitos establecidos nos artigos 40 da Lei 39/2015.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: J2RME1NX89X980XD



Mércores, 28 de agosto de 2019

Núm. 164

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

O acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello, segundo o establecido no artigo 18.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este acordo é susceptible de recurso conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de beneficiarios das axudas reguladas nas presentes Bases e os importes concedidos. Así mesmo relacionaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

- 1.- Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.
- 2.- Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- 3.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.
- 5.- Acreditar que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria, con ATRIGA, fronte á Seguridade Social. Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín.
- 6.- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.



11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto, e só se admitirán as xustificacións presentadas en ditos modelos, sen prexuízo da correspondente notificación aos beneficiarios para a perceptiva corrección de erros.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

Só poderán xustificarse gastos polos conceptos que foran indicados no orzamento presentado na solicitude da subvención.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lalín da seguinte documentación:

- Certificación que acredite o cumprimento da actividade subvencionada, así como declaración relativa ás subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade, e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada. Anexo VII.
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da actividade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Na conta xustificativa deberán relacionarse facturas por importe, como mínimo, do gasto presupostado na solicitude da subvención. Anexo VIII.
- Memoria xustificativa da actividade, na que se fará unha descrición o máis detallada posible da actividade desenvolvida. Anexo IX.
- Orixinais das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe mínimo da subvención concedida. O importe total das facturas aportadas deberá acadar, como mínimo, o importe da subvención concedida ou, no seu caso, a suma das subvencións obtidas para a mesma finalidade. As facturas orixinais serán seladas de xeito que quede acreditado que foron utilizadas para a xustificación da subvención obtida pola entidade e, unha vez seladas, serán devoltas ao solicitante. No selo farase constar o importe do total da factura que se imputa á subvención concedida. No caso de que se teñan realizado pagos que teñan retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.
- Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia ou ingreso bancario, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante bancario no que debe constar o nome do beneficiario como pagador. Aquelas facturas e xustificantes de pago achegados que non cumpran cos requisitos indicados non serán admitidas para a xustificación da subvención.



Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e non serán admitidos aqueles que non teña relación directa coa actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma na contía de maior redución.

Unha vez xustificandos os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

Para cobrar a axuda concedida comprobarase que os beneficiarios se atopan ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social, coa ATRIGA e co Concello de Lalín.

O prazo de presentación da xustificación rematará o día 30 de novembro de 2019. Para aquelas actividades puntuais que se desenvolvan no mes de decembro a xustificación deberá presentarse dentro dos dez días seguintes ao remate da mesma e, en todo caso, ata o 14 de decembro de 2019.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 10 días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificandos, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

12.- REINTEGRO

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

14.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.



Mércores, 28 de agosto de 2019

Núm. 164

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto de estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s actividade/s subvencionada/s e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas en orde á conclusión do proceso de subvencións.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local .

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro–Concello de Lalín–. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2017 prorrogado para o ano 2019, na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e por último a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Documento asinado electronicamente ao marxe.

A concelleira delegada de Cultura
Begoña Blanco Blanco

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:J2RME1NX89X980XD

